

FESTA DE SAN MARCOS EN NOIA

Conta atrás para as Festas de San Marcos de Noia

Arrancan coa exposición da maquinaria agrícola e a tradicional Feira Cabalar »» Haberá concertos, verbena e xogos para os nenos

licia, onde ademais da compravenda de cabalos hai tamén exhibicións de beleza, concursos hípicas e certames de raza que atraen a público de toda Galicia; e a feira de maquinaria agrícola e industrial, onde se expoñen as últimas novidades do sector.

Este ano o cartel da festa realizouno o veciño de Noia Alfonso Barreiro, máis coñecido como Fon, "gran debuxante e ilustrador", indican dende a organización.

B.C.

Noia vive dende mañá, 25 de abril, e ata o domingo 28 unha das citas máis agardadas no municipio: as festas de San Marcos. O tradicional festexo arrancará cunha exposición de maquinaria agrícola na rúa Escultor Ferreiro e en Porta da Vila, e ás 10.00 horas inaugurarase un dos pratos fortes de sempre: a Feira Cabalar en San Lázaro. Ao mediodía oficiarase a misa solemne con procesión en Santa Cristina de Barro. A verbena estará amenizada pola orquestra París de Noia.

O venres 26 haberá un concerto da Banda de Música de Noia ás 18.00 na Praza da Constitución; así como outro de Xisco Feijóo ás 21.30 en O Tapa. A verbena correrá a cargo da orquestra New York.

O sábado 27 os máis pequenos poderán gozar dos inchables na rúa do Curro; haberá concerto en O Tapal ás 21.30 con Flow del Norte, Boomers e co tributo a Sabina de Los del pirata cojo. A verbena estará protagonizada por Metrópolis.


O último día, o domingo 28, haberá dúas foliadas con grupos da zona (ás 11.00 e ás 17.00). O programa pecharase coa actuación de Trobeiros da Ponte ás 20.00 na rúa do Curro.

As Festas de San Marcos chegan repletas de novas actividades, dis-

**AS VERBENAS
CORRERÁN A CARGO
DAS ORQUESTRAS
PARÍS DE NOIA, NEW
YORK E METRÓPOLIS,
MENTRES QUE O
ÚLTIMO DÍA,
TROBEIROS DA PONTE
PORÁ O COLOFÓN**

postas a superarse e a atraer tanto a veciños como xente da contorna. Durante catro xornadas, as rúas da vila échense de millóns de persoas que desfrutan do amplo programa lúdico e cultural das festas, que inclúe atraccións de feira, verbena, concertos, música tradicional, exhibicións deportivas, mostras de pinturas, entre outras actividades.

Ademais, como se dixo, o propio día 25 teñen lugar dous importantes eventos tradicionais: a feira cabalar, unha das máis antigas de Ga-



FESTA DE SAN MARCOS EN NOIA

A Feira Cabalar marcará a primeira xornada

Os máis pequenos poderán dar breves paseos a cabalo ➤
A outra gran cita é a feira da maquinaria agrícola



Feira cabalar dunha edición anterior // ECG

B.C. [NOIA]

As Festas de San Marcos de Noia non se poden entender sen a súa tradicional Feira Cabalar. Dito evento está conformado por diferentes probas morfolóxicas de pura raza galega, pura raza árabe e razas indefinidas. A feira cabalar, que terá lugar mañá, é un evento no que se poden facer compras, pero tamén hai tempo para os concursos de beleza e destreza.

Veciños e visitantes po-

DARANSE PREMIOS ESPECIAIS Á MELLOR CABEZA, MELLORES MOVEMENTOS E MELLOR EXEMPLAR P.R.Á.

derán desfrutar de varias actividades integradas na tradicional feira, como son os concursos morfolóxicos: Cabalos P.R.G. (puntuable para a XXIII Copa Galicia), Eguas P.R.G. (puntuable para a XXIII Copa Galicia), Cabalos cruzados e Eguas cruzadas maiores de 3 anos. Ademais haberá un concurso morfolóxico de ponis (sección machos e femias).

Farase na feira un recoñecemento a Genebrando Castro Martínez de Outes e presentaranse exercicios de Doma Alta, da escola de cabalos Pura Raza Galega. Non faltarán ademais os concursos Andadura galega serrada e Galega chapeada. Daranse premios especiais á mellor cabeza, mellores movementos e mellor exemplar P.R.Á.

Os máis pequenos da casa tamén teñen diversión nesta feira cabalar, xa que poderán desfrutar de breves paseos a cabalo e dunha xincana cabalar popular.

Maquinaria agrícola

Xunto á feira tradicional, nunca falta tamén na primeira xornada, a feira da maquinaria agrícola, na que as empresas da zona dedicadas a esta actividade expoñen e venden as últimas novidades do sector agrícola e hortofrutícola. Trátase dunha das citas ineludibles para o sector.

Os tractores serán os protagonistas nesta exposición de maquinaria agrícola, que ocupará as rúas Escultor Ferreiro e Porta da Vial do concello noiés desde as 10.00 horas da primeira xornada de festa. Agárdase unha gran afluencia en ambas feiras.

AGEITOS
NOIA
981 821 565
Departamento Comercial 636 969 781

ROTULACIÓN - LUMINOSOS - IMPRESIÓN
VEHÍCULOS - NAVES INDUSTRIALES - LONAS

Transportes EL JAIME

DELEGACIONES

NOIA
C/ Cuba, 5 - T. 981 820 676
Santiago
C/ republica checa, 27
T. 981 574 418

Nova Pan Noia, r.l.
N.R.S.L. 20.29981/C

novapannoiasl.weebly.com
novapannoiasl@gmail.com

Panaderías:
A BARQUIÑA • T. 981 823 945
Cabo de Cruz • C/ Panadería 240 • T. 981 84 57 05

Despacho:
C/ Escultor Ferreiro Carreira, 34 Baixo
T. 981 822 553
NOIA

JL
juan lópez, s.l.
asesoría

**FISCAL • LABORAL
CONTABLE • SEGUROS**

Rúa do Escultor Ferreiro, 26-1º
T. 981 820 460 • 981 820 712 • F. 981 822 590
glopez@gestoriajuanlopez.com
NOIA - A Coruña

VW

Autos Patiño Noia, s.l.
www.autospatino.es

Pol. Industrial Augalevada. Parc 10
Noia (A Coruña)
T. 981 824 865 • M. 629 212 851
gerencia@autospatino.volkswagen.es

Hotel Park
Ría de Noia

Menú diario
Bodas
Comuniones
Comidas de empresa

Calle Río do Porto, 25
Noia (A Coruña)
Telfs. 981 823 729
981 823 776
reservas@hotelpark.es
www.hotelpark.es

FESTA DE SAN MARCOS EN NOIA

A música leva a marca de Xisco Feijóo e da París de Noia

Non faltará tampouco un tributo a Sabina de man de Los del pirata cojo

B.C. [NOIA]

A música será unha das grandes protagonistas, un ano máis, nas festas de San Marcos de Noia. Este ano o cartel conta coa presenza de Xisco Feijóo. É cantante, premiado bailarín, coreógrafo, presentador de televisión, maestro da ETRAD e coordinador da sección de canto da OFG SonDeSeu.

Despois de facer un incesante traballo de recuperación etnográfica durante máis de trinta anos e tras colaborar en máis de vinte discos e espectáculos de artistas de proxección internacional como Mercedes Peón, Xosé Manuel Budiño, Carlos Nuñez, Kepa Junquera, Berrogüetto e Rodrigo Román, entre outros, lanzou hai un ano un traballo discográfico chamado *PEIXE*. Actuará na praza de O Tapal durante a segunda xornada.

Non faltará tampouco nesta edición un tributo a Sabina de man de Los del pirata cojo.

Outra actuación que confor-

ma o cartel desta edición do San Marcos é a de Flow del Norte e a banda Boomers.

Verbenas

Non hai festa que se precie sen berverna, e Noia non vai quedar atrás. O primeiro día actuará a orquestra favorita dos veciños, a París de Noia. Esta formación foi fundada no 1957 por Joaquín García Piñeiro, o mítico cantante Constantino Pego e outros 10 compoñentes máis. O traballo desta orquestra pronto se foi extendendo ás demais provincias, tanto de Galicia como fóra dela. As orquestras New York e Metrópolis amenizarán as dúas noites seguintes. Tampouco faltarán as discos móbiles para os máis festeiros.

O derradeiro día tocará foliada cos grupos da zona e pechará a festa a música de Trobeiros da Ponte. Xa está todo listo para esta gran cita e tan só falta que o tempo acompañe.



Xisco Feijóo, arriba, e, abaixo, a orquestra París de Noia // ECG



PIZZERIA
VENECIA
ESPECIALIDAD | MENÚ DEL DÍA
Bacalao a la portuguesa | Tapas de pulpo y otras
C/ Romero Blanco • Tfno. 981 82 32 12 • 15200 Noia

ALQUI NOIA
ALQUILER DE MAQUINARIA, S.L.
Alugamento ou compravenda de maquinaria a profesionais e particulares
Alugamento con opción a mercar todo tipo de maquinaria industrial e doméstica
Ourense, Bn - 981 82 32 12 604 076 221

OLMEDO
FABRICA DE MUEBLES DE COCINA Y BAÑO
www.mueblesolmedo.com 981 822 504 830 279 550 NOIA

I.G.S.A.
ASESORES DE EMPRESAS
LABORAL - FISCAL - CONTABLE
Horario de oficina: lunes a viernes de 9.00 a 15.00 h www.igsaasesores.com

1993-2023 • Más de 30 años al servicio de nuestros clientes
AUDITORÍAS ECONÓMICO | FINANCIERO
SUBVENCIONES Y AYUDAS OFICIALES
EN NOIA. C. Perito Basilio, 2-1º C • T. 981 842 130 - F. 981 824 676
EN RIBEIRA. Campo de Marte, nº 3 - 1º - T. 981 835 621 - F. 981 874 262

CAMPAÑA RENTA 2023